



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa			Código	652G03020
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Rego Agraso, Laura	Correo electrónico	laura.rego@udc.es		
Profesorado	Rego Agraso, Laura	Correo electrónico	laura.rego@udc.es		
Web	www.educacion.udc.es/				
Descrición xeral	<p>A materia "Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa" persigue que os futuros profesionais da Educación Social sexan quen de comprender a transversalidade da comunicación como base dos procesos educativos, interiorizando á súa vez, as distintas teorías comunicativas e a súa influencia nos contextos de aprendizaxe de carácter non formal e informal.</p> <p>Deste xeito, os principais núcleos temáticos céntranse na análise, coñecemento e práctica das teorías comunicativas, os usos da linguaxe e as representacións sociais de colectivos en situación de vulnerabilidade, os medios de comunicación e o social media e a súa influencia na construción de imaxinarios colectivos e identidades, así como os procesos de colaboración, participación e xestión emocional no marco da acción profesional do Educador/a social. Ademais, pretende desenvolver no alumnado capacidades que permitan a selección e utilización daquelas estratexias de comunicación e colaboración que mellor se adecúen á dinamización de proxectos socioeducativos dende un punto de vista transversal.</p> <p>Esta materia forma parte do programa "English Friendly", polo que terá como linguas vehiculares o galego/castelán, pero o alumnado internacional recibirá titorías en inglés, se así o desexa. Ademais, os materiais orientados a este alumnado tamén poderán estar dispoñibles en inglés e eles/as poderán ser avaliados e realizar as presentacións de aula neste mesmo idioma.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as diferentes perspectivas sobre a comunicación e a colaboración que afectan aos procesos de intervención socioeducativa.	A5 A10 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Desenvolver técnicas, estratexias e dinámicas de comunicación en público dende a perspectiva das habilidades comunicativas e a eficacia da comunicación educativa	A7 A8 A9 A11 A12 A17 A18	B1 B6	C1 C4 C6



Analizar a dixitalización da comunicación e da colaboración no quefacer socioeducativo.	A5 A7 A10 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Utilizar diferentes estratexias de comunicación e de xestión da información no desenvolvemento de proxectos socioeducativos.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Comprender, valorar e transmitir de forma crítica a información no contexto da dinamización cultural e a intervención socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Aplicar diferentes estratexias de rexistro, interpretación e difusión da información no desenvolvemento da acción socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Asumir un compromiso ético co tratamento das novas formas de comunicación social a favor da intervención e desenvolvemento sociocomunitario.	A5 A7 A10 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Coñecer e aplicar as diferentes estratexias de colaboración para a dinamización dos equipos de traballo na acción socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Desenvolver diferentes dinámicas democráticas de inclusión, representación e participación na realización de proxectos de animación sociocomunitaria.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Avaliar o sentido e funcionamento das dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa.	A5 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Diferenciar os modelos educativos segundo o tipo de proceso comunicativo que se establece entre os educadores/as, educandos/as e contexto.	A5 A14 A17	B1 B4 B6	C1 C4 C6
Identificar e comprender a representación dos colectivos socialmente vulnerables que se manifesta mediante a construción discursiva da realidade social e o uso da linguaxe.	A5 A8 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6



Empregar unha linguaxe inclusiva, representativa e non invisibilizadora dos colectivos socialmente vulnerables, ao expresarse tanto oralmente como por escrito.	A5 A7 A8 A9 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C6
Interpretar a participación social como unha parcela educable da persoa, comprendendo a importancia do asociacionismo e dos movementos sociais no desenvolvemento sociocomunitario e no fortalecemento da democracia como sistema político.	A5 A7 A8 A9 A10 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Realizar unha lectura e análise crítica do papel xogado polos medios de comunicación social, así como das súa influencia na sociedade actual dende o punto de vista educativo e de representación dos colectivos socialmente vulnerables.	A5 A8 A10 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Coñecer os procesos que vinculan a comunicación social coa educación (educomunicación), analizando o papel da educación social neste ámbito.	A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A17	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Comprender a relevancia da intelixencia emocional nos procesos socioeducativos, significando a educación emocional como un dos elemento clave no deseño e desenvolvemento de proxectos educativos.	A5 A7 A9 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Comprender os procesos de liderado nos contextos sociais e educativos, así como os elementos implicados na comunicación persoal e os estilos comunicativos.	A5 A7 A8 A9 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6



Desenvolver habilidades comunicativas positivas, proactivas e respectuosas en relación ao uso da linguaxe verbal e non verbal na comunicación interpersonal e en grupo.	A5	B1	C1
	A7	B3	C4
	A12	B4	C6
	A17	B5	
	A20	B6	
Deseñar os procesos comunicativos internos e externos dunha organización social aplicando as posibilidades das TIC para tal fin.	A8	B1	C1
	A9	B3	C4
	A10	B4	C6
	A17	B5	
	A18		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A comunicación e a linguaxe	<p>O proceso comunicativo e a teoría da comunicación humana</p> <p>A linguaxe: Concepto, elementos, clasificacións</p> <p>Usos da linguaxe: a construción discursiva da realidade social e a exclusión discursiva</p> <p>A violencia simbólica</p> <p>A exclusión na linguaxe de colectivos non normativos: mulleres, persoas con diversidade funcional, persoas migrantes, persoas maiores, colectivo LGTBI, persoas desempregadas, persoas privadas de liberdade, comunidade xitana.</p> <p>A linguaxe inclusiva</p> <p>Habilidades comunicativas, estratexias de comunicación en público e implicacións da linguaxe verbal e non verbal</p>
2. A comunicación na acción socioeducativa.	<p>Modelos educativos e comunicativos</p> <p>A dimensión física da comunicación educativa: canle e contexto físico</p> <p>Os medios de comunicación social: lectura e análise crítica</p> <p>Propaganda, publicidade e estratexias de mercado</p> <p>A educación da comunicación: Educomunicación</p> <p>Estilos comunicativos: o educador/a como comunicador/a (virtudes comunicativas)</p> <p>Estratexias de comunicación e xestión da información no deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa</p>
3. As TIC e as redes	<p>Introdución ao social media</p> <p>Tecnoloxía e Educación Social: Perspectivas teóricas da tecnoloxía, implicacións sociais do uso das TIC, big data, Gran Irmán, Uberización do emprego e a economía.</p> <p>O videoclip mainstream: análise e implicacións socioeducativas</p> <p>Recursos TIC para a aprendizaxe: A infografía como ferramenta comunicativa na rede</p> <p>O plan de comunicación nas organizacións sociais: diagnóstico de necesidades, deseño e avaliación</p>



<p>4. Colaboración, dinámicas de participación e funcionamento dos grupos</p>	<p>Os grupos e o seu funcionamento: dinámica e técnicas de grupo  A participación como parcela educable: asociaciónismo e movementos sociais.  Dinámicas democráticas de inclusión, participación, representación, deliberación, diálogo, reciprocidade, reparación e distribución de poder.  A aprendizaxe cooperativa e colaborativa e o traballo en equipo.  A relación do centro socioeducativo coa súa contorna  Estratexias de colaboración na acción socioeducativa: traballo en equipo; creación de espazos de diálogo, reflexión colectiva e resolución de problemas; establecemento de redes intercambio; apoio mutuo (Grupos de apoio mutuo - GAM) e outras estratexias de colaboración.</p>
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A8 A11 A14 A17 B6 C1 C4 C6	21	31.5	52.5
Discusión dirixida	A5 A7 A8 A9 A14 A17 A18 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	4	2.5	6.5
Traballos tutelados	A5 A7 A9 A10 A12 A14 A17 A18 A20 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	8	11	19
Portafolios do alumno	A5 A7 A8 A9 A10 A14 A17 A18 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	1	45	46
Proba mixta	A5 A8 A10 A11 A14 A17 B1 B5 B6 C1 C4 C6	2	15	17
Eventos científicos e/ou divulgativos	A8 A10 A14 A17 A20 B3 B5 C1	2	0	2
Presentación oral	A7 A10 A11 A12 A14 A17 A20 B1 B5 B6 C1 C4 C6	4	0	4
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	<p>Mediante a sesión maxistral desenvolveranse os contidos que conforman o marco teórico da materia empregando a exposición oral por parte da profesora e tamén do alumnado. Apoiarase dita exposición co uso de recursos audiovisuais de distinto tipo así como coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos bloques temáticos que conforman a guía docente da materia, indicando os aspectos sobre os que o alumnado pode afondar coas oportunas orientacións bibliográficas. Tamén se poden empregar técnicas de aprendizaxe cooperativa mediante o uso de grupos informais co obxectivo de manter a atención do alumnado nestas sesións expositivas.</p> <p>Ao desenvolverse a materia na modalidade híbrida, estas sesións maxistras poderán ser desenvolvidas a través da aplicación M. Teams</p>
Discusión dirixida	<p>Esta metodoloxía está orientada a que o alumnado reflexione sobre a aplicación das distintas estratexias de colaboración, comunicación, xestión e difusión da información na dinamización cultural e no desenvolvemento da acción socioeducativa. Existirán polo tanto, debates, coloquios ou reflexións conxuntas en torno aos temas centrais da materia ao longo das sesións tanto expositivas como interactivas.</p>
Traballos tutelados	<p>Proporase a realización de traballos individuais ou en grupo durante as sesións interactivas. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completadas mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán pola profesora. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia, como outros de carácter complementario que poderán ser facilitados pola profesora ou localizados de forma autónoma polo alumnado.</p> <p>Cada un dos traballos tutelados propostos na aula serán entregados na seguinte sesión interactiva (a semana seguinte) en formato papel ou mediante a Moodle da materia, sendo só posible entregar de forma tardía dous traballos para poder ser avaliado mediante a modalidade presencial. En caso de presentar os traballos fóra de prazo de forma reiterada (máis de dúas veces), o alumnado do grupo correspondente deberá ser avaliado/a mediante a modalidade non presencial.</p> <p>Ao desenvolverse a materia na modalidade híbrida, as indicacións para a realización destes traballos tutelados poderán ser desenvolvidas a través da aplicación M. Teams.</p>
Portafolios do alumno	<p>O alumnado deberá realizar en pequeno grupo un traballo final da materia que consistirá na construción do seu portafolios grupal, é dicir, unha colección dos traballos tutelados realizados ao longo do cuadrimestre, así como unha reflexión e ampliación temática sobre cada un deles. En cada entrada de reflexión-ampliación sobre as tarefas o alumnado deberá sintetizar o realizado afondando sobre o tema de cada unha delas empregando necesariamente bibliografía básica ou complementaria da materia. Este portafolios é unha recompilación do traballo que se irá realizando progresivamente na aula mediante as tarefas (traballos tutelados), ampliado con outras fontes de referencia que permitan afondar sobre os contidos abordados.</p>
Proba mixta	<p>A proba mixta será unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da cal, o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos e habilidades adquiridas, ao longo do desenvolvemento da materia. Esta proba estará composta por preguntas tipo test e/ou preguntas abertas, estando a súa orientación directamente relacionada coa materia e cos aspectos abordados nas sesións, tanto expositivas como interactivas, así como cos traballos realizados polo alumnado no contexto da mesma.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>No contexto da materia o alumnado participará en eventos de divulgación que terá que preparar previamente mediante a lectura e tratamento de documentos relacionados. Posteriormente, debaterá sobre eles con profesionais ou académicos que serán invitados á aula para presentar e divulgar libros, experiencias ou accións de diversa índole. Esta actividade levarase a cabo en lingua galega e pretenderá ao mesmo tempo, favorecer o uso da mesma entre o alumnado da titulación. Os profesionais invitados/as falarán en galego. Esta acción forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social".</p>
Presentación oral	<p>Empregarase esta metodoloxía á hora de presentar e compartir os traballos tutelados realizados polos grupos, co resto de compañeiros e compañeiras. Por outra banda, tamén se empregará esta metodoloxía tendo como obxecto construír unha visión crítica respecto das técnicas de dinamización de grupos, así como desenvolver de forma aplicada algunhas destas técnicas para abordar os contidos co resto dos compañeiros/as de aula, logrando planificar este tipo de accións tomando en consideración as características do grupo, os obxectivos de aprendizaxe e a metodoloxía empregada, así como a planificación e avaliación do proceso.</p>



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Portafolios do alumno	<p>Para desenvolver a atención personalizada en relación aos traballos tutelados, a profesora realizará un seguimento do traballo en grupo do alumnado ao longo das sesións interactivas da materia. Implican unha participación obrigatoria para o alumnado considerado asistente e nelas, a profesora dará orientacións e pautas para realizar os traballos tutelados, sendo o momento prioritario para solventar dúbidas, aclarar cuestións ou afondar sobre o contido e as accións a realizar en relación aos traballos tutelados.</p> <p>A atención personalizada a desenvolver respecto do portafolios do alumno/a traballo grupal, realizarase igualmente nas sesións interactivas da materia, reservando, de ser necesario, un tempo específico para o seguimento por parte da profesora, do progreso do alumnado nesta tarefa. A partir do mesmo, a profesora proporcionará orientacións ao alumnado para mellorar o seu traballo grupal, localizar información ou recursos de interese e organizar a estrutura do traballo.</p> <p>-----</p> <p>O alumnado que conte co recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a ?Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Artigos 3ºb e 4º.5) do 29/05./2012 e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario? (Artigos 3º e 8ºb) do 28/09/2016, deberá realizar tódolos traballos tutelados de forma individual ou grupal (previo acordo coa profesora), así como o portafolios do alumno/a. A súa atención personalizada respecto de ambas metodoloxías, realizarase en función da súa dispoñibilidade e no horario de titorías da profesora. Os grupos configurados con alumnado con este recoñecemento terán que ser configurados integramente polo alumnado que se atope nesta mesma situación, non é posible configurar grupos de traballo de asistentes e non asistentes.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A5 A7 A9 A10 A12 A14 A17 A18 A20 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	<p>Este tipo de traballos, serán iniciados na aula polo alumnado e completados de forma autónoma de ser necesario. Será avaliado o seu contido tomando en consideración os criterios seguintes, entre outros:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estrutura: coidado da presentación (respecto polo formato), organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical.</li> <li>- Grao de comprensión das ideas básicas da materia.</li> <li>- Dominio conceptual e uso apropiado do vocabulario da materia.</li> <li>- Emprego de fontes bibliográficas variadas e corrección na citación das fontes.</li> <li>- Capacidade de relación dos contidos entre sí e con outro material consultado.</li> <li>- Coherencia entre os diferentes apartados.</li> <li>- Grao de afondamento de cada un dos apartados e relación co abordado na aula.</li> </ul>	15
Proba mixta	A5 A8 A10 A11 A14 A17 B1 B5 B6 C1 C4 C6	<p>A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia, polo que estará composta tanto por preguntas pechadas como abertas. Estas últimas serán de carácter breve e valorarase especialmente a capacidade tanto de concreción e síntese, como de relación cos contidos analizados tanto nas sesións expositivas como interactivas. Valorarase igualmente a organización da información, a coherencia e a comprensión dos contidos.</p>	50



Portafolios do alumno	A5 A7 A8 A9 A10 A14 A17 A18 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	<p>O portafolios do alumno/a será avaliado en relación ao seu contido, tomando en consideración entre outros criterios, os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Estrutura: coidado da presentación (respecto polo formato), organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical.</li><li>- Grao de comprensión das ideas básicas da materia.</li><li>- Dominio conceptual e uso apropiado do vocabulario da materia.</li><li>- Emprego de fontes bibliográficas variadas e corrección na citación das fontes.</li><li>- Capacidade de relación dos contidos e conceptos clave entre si para xerar un discurso coherente e organizado.</li><li>- Coherencia entre os diferentes apartados que compoñen o traballo.</li><li>- Grao de afondamento de cada un dos apartados e relación co abordado na aula.</li></ul> <p>Será imprescindible que o alumnado entregue tódalas tarefas (individuais e grupais) incluídas no portafolios. En caso contrario, non poderá superar a materia.</p>	25
Presentación oral	A7 A10 A11 A12 A14 A17 A20 B1 B5 B6 C1 C4 C6	<p>Con respecto ás exposicións na aula por parte do alumnado, tomarase en consideración o seguinte á hora de avaliar:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>? Relevancia, pertinencia e organización coherente dos contidos expostos.</li><li>? Emprego de apoios audiovisuais ou outros recursos que faciliten o seguimento do discurso por parte da persoa oínte.</li><li>? Nivel de coordinación do grupo (nas exposicións grupais).</li><li>? Nivel de comprensión dos contidos básicos da materia e capacidade de expresión coherente dos mesmos.</li><li>? Claridade expositiva.</li></ul>	10

Observacións avaliación





Para

superar a materia será necesario acadar cando menos, 5 puntos sobre 10 en cada un dos elementos anteriores (media dos traballos tutelados (incluíndo a presentación oral); portafolios e proba mixta). En caso de non acadar dita puntuación en todas e cada unha das evidencias que se requiren, o alumnado non terá superada a materia.

No relativo ao plaxio das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

A realización

fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario". Cumprimos así co establecido no artigo 11, apartado 4 b), do Regulamento disciplinar do estudantado da UDC

O alumnado que teña recoñecida a dispensa académica (solicitude previa na Administración do centro), segundo establece a ?Norma que regula o réxime de

dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Artigos 3ºb e 4º.5) do

29/05./2012 e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das

cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario? (Artigos 3º e 8ºb)

do 28/09/2016, poderá facer un seguimento non presencial da materia empregando a Moodle. Deberá realizar igualmente tódalas evidencias sinaladas

anteriormente (traballos tutelados; portafolios do alumno/a e proba mixta),

de xeito individual ou en grupo de non asistentes. Deberá respectar igualmente as datas de

entrega propostas para o alumnado asistente en cada un dos traballos tutelados a

realizar, facendo así un seguimento continuo da materia. En caso contrario, os traballos figurarán como non presentados, sendo

esta mesma a calificación a obtida na materia.

Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia

Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia

universitaria incorporamos a perspectiva de xénero nesta materia, polo que se deberá usar unha linguaxe non sexista, empregar bibliografía de autores/as de ambos

sexos, propiciar a intervención na aula de alumnos e alumnas, entre outras accións de promoción da igualdade. Ademais, traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e

influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e

igualdade. Trataranse de detectar situacións de discriminación por razón de

xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

Manifestado isto, cabe mencionar que a avaliación contempla dúas opcións en función do nivel de asistencia:

Opción A. Dirixida a aquel alumnado que asiste/participa nas actividades de clase de forma ordinaria (asistencia mínima requirida do 80%):

- Elaboración dos traballos tutelados individuais ou en pequeno grupo: 15% da nota final

- Elaboración do portafolios: 25% da nota final

- Presentacións orais: 10% da nota final

- Proba escrita sobre os contidos da materia: 50% da nota final. Opción B. Dirixida a aquel alumnado que non asiste/participa nas actividades de clase de forma ordinaria (asistencia inferior ao 80%): - Elaboración dos traballos tutelados individuais ou en pequeno grupo: 20% da nota final.
- Elaboración do traballo final: 30% da nota final.
- Proba escrita sobre os contidos da materia: 50% da nota final.





## Bibliografía básica

- Adams, B., Schellens, T. & Valcke, M. (2017). Fomentando la alfabetización ética de los adolescentes en publicidad en Educación Secundaria. *Comunicar Revista Científica de Educomunicación*, Nº52, Vol. 25, 93-103 [Tema 3]
- Adell, J. (2018). Más allá del instrumentalismo en tecnología educativa. En J. Gimeno (Ed.). *Cambiar los contenidos, cambiar la educación*. Madrid: Morata. [Tema 3]
- Aguado, J.M. (2004). Introducción a las teorías de la comunicación y la información. Murcia: Universidad de Murcia. [Tema 1 e Tema 2]
- Alberich, T. et al. (2009). *Manual de metodologías participativas*. Madrid: Observatorio Internacional de Ciudadanía y Medio Ambiente Sostenible (CIMAS). [http://www.redcimas.org/wordpress/wp-content/uploads/2012/09/manual\\_2010.pdf](http://www.redcimas.org/wordpress/wp-content/uploads/2012/09/manual_2010.pdf) [Tema 4]
- Alvarado López, M.C. (2005). La publicidad social: concepto, objeto y objetivos. *Redes.com, revista de estudios para el desarrollo social de la comunicación*, 2, 265-284 [Tema 2]
- Aragay Borrás, J.M. (2014). La música comunitaria desde la educación social: la experiencia de la Fundación Ribermúsica: Básquet Beat y Riborquestra. *Revista de Educación Social (RES)*, 18, xaneiro, 1-19. [Tema 3]
- Auvergnon, P. (2016). Angustias de uberización y retos que plantea el trabajo digital al derecho laboral. *Revista Derecho Social y Empresa*, 6, diciembre, 1-18 [Tema 3]
- Ballenato, G. (2005). Estructura y composición. En G. Ballenato. *Trabajo en equipo. Dinámica y participación en los grupos (55-80)*. Madrid: Eds. Pirámide [Tema 4]
- Ballenato, G. (2006). Teoría de la comunicación. En G. Ballenato. *Comunicación eficaz. Teoría y práctica de la comunicación humana (33-42)*. Madrid: Ed. Pirámide. [Tema 1]
- Barbas Coslado, A. (2012). Educomunicación: desarrollo, enfoques y desafíos en un mundo interconectado. *Foro de Educación*, Nº14, 157-175. [Tema 2]
- Barkley, E., Cross K. P. & Major, C.H. (2007). Técnicas de aprendizaje colaborativo. Madrid: Morata. [Tema 4]
- Barranquero-Carretero, A. (2020). Slow media. Comunicación, cambio social y sostenibilidad en la era del torrente mediático. *Palabra Clave*, 16 (2), 419-448. [Tema 3]
- Bernal-Triviño, A. I. (2019). *Hacia una comunicación feminista. Cómo informar e informarse sobre violencia machista*. Barcelona: Editorial UOC [Tema 1]
- Bobbio, N. (2007). *El futuro de la democracia*. México: FCE. bDa [Tema 4]
- Bolen, J.S. (2014). *El nuevo movimiento global de las mujeres: construir círculos para transformar el mundo (1a ed.)*. Kairós. [Tema 4]
- Bolívar Botiá, A. (2003). Educar para la ciudadanía: entre el mercado y la exclusión social. *Currículum: Revista de teoría, investigación y práctica educativa*, Nº16, 9-34. [Tema 1]
- Bourdieu, P. & Passeron, J.C. (1979). *La reproducción. Elementos para una teoría del sistema de enseñanza*. Barcelona: Editorial Laia [Tema 1]
